

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía rexeita a colocación de videocamaras para previr o acoso escolar

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016 - O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia rexeita a medida de colocación de cámaras de vídeo-vixianza nos centros escolares galegos, debido principalmente á súa **falta de eficacia** á hora de previr o acoso escolar. O medio principal e o máis axeitado para a **prevención da violencia** nas aulas é a través da **educación** e recursos como as gravacións poden resultar incluso contraproducentes.

Desde o COPG expresan distintas preocupacións respecto a esta proposta. En primeiro lugar, está o relacionado co dereito á **protección da intimidade do alumnado**, xa que existe unha liña moi fina entre a seguridade e a intimidade; sendo a protección da súa intimidade parte fundamental da seguridade que hai que garantirlles como menores que son.

O colectivo de profesionais da psicoloxía manifesta **serias dúbidas** sobre se a medida da vídeo-vixianza acadará o obxectivo que persegue: a prevención e a intervención sobre as situacións de acoso e violencia nos centros escolares. Cómpre preguntarse se realmente a presenza das cámaras disuadirá os agresores ou agresoras, dado que é **imposible** que as cámaras poidan chegar a **filmar todos os recunchos** do recinto escolar.

É máis, no referente ao acoso e ás agresións psicolóxicas, desde o punto de vista dos psicólogos e psicólogas do eido educativo, isto sería moi complexo; non só no caso do **acoso psicolóxico** (o cal pode chegar a ser moi sutil e polo tanto, imposible de detectar por unha cámara), senón tamén no referente a todo tipo de situacións agresivas, sen esquecer o **illamento social** como forma de acoso. As relacións interpersoais son un proceso e a súa evolución está condicionada por múltiples factores, sendo as causas das situacións conflitivas, de moi diferente índole; é dicir, non sería axustado interpretar un comportamento ou reacción concreta dun xeito illado, senón que habería que contextualizalos e valorar o proceso que levou o rapaz ou rapaza a ese punto.

Finalmente, é preciso reflexionar sobre as **consecuencias** que pode chegar a ter esta medida sobre o alumnado. É moi posible que o alumnado remate “comportándose ben” por mor da presenza das cámaras, máis que por teren integrados na súa **ética persoal** unha serie de **valores de respecto e convivencia**. O alumnado baixo presión ou medo de ser gravado polas cámaras actuará dunha forma e tratará de buscar a maneira de non ser visto e saltar as normas. A súa ética resentirase, non actuando por si mesmo senón por medo a ser descuberto.

Nos centros educativos temos que **educar en valores desde a liberdade e a responsabilidade**. Deste xeito, inculcaremos ao noso alumnado unha ética autónoma que lle permita converterse en cidadáns e cidadás independentes e con capacidade crítica.

Saúdos,

Para **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación**:

Eliana Martíns / 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal